

ÍNDICE

<u>TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS</u>	4
Artigo 1. Denominación e natureza	4
Artigo 2.- Domicilio e ámbito de actuación	4
Artigo 3.- Personalidade e capacidade	4
Artigo 4.- Duración	4
Artigo 5.- Réxime normativo	4
<u>TÍTULO II . OBXECTO DA FUNDACIÓN</u>	5
Artigo 6.- Fins	5
Artigo 7.- Actividades fundacionais	5
Artigo 8.- Liberdade de actuación	7
<u>TÍTULO III. REGLAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS</u>	7
Artigo 9.- Destino das rendas e ingresos.....	7
Artigo 10.- Publicidade das actividades.....	8
Artigo 11.- Beneficiarios	8
<u>TÍTULO IV. ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN</u>	9
<u>SECCIÓN PRIMEIRA. ÓRGANOS DE GOBERNO</u>	9
Artigo 12.- O Padroado.....	9
Artigo 13.- Carácter gratuito do cargo de patrón.....	9
Artigo 14.- Composición	9

Artículo 15.-Regras para a designación e substitución dos seus membros	10
Artigo 16.- Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro	10
Artigo 17.- Organización do Padroado	10
Artigo 18.- O Presidente	11
Artigo 19.- O Vicepresidente	11
Artigo 20.- O Secretario.....	12
Artigo 21.- Facultades do Padroado.....	12
Artigo 22.- Obrigas e dereitos dos membros do Padroado	15
Artigo 23.- Responsabilidades dos patróns	15
Artigo 24.- Cesamento e suspensión dos membros do Padroado	16
Artigo 25.- Reunións do Padroado.....	16
Artigo 26.- Formas de deliberar e tomar acordos	16
<u>SECCIÓN SEGUNDA. ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN</u>	<u>17</u>
Artigo 27.- Consellos asesores.....	17
Artigo 28.- Xerente	17
<u>TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO.....</u>	<u>17</u>
Artigo 29.- Patrimonio fundacional	17
Artigo 30.- Adscrición do patrimonio fundacional	18
Artigo 31.- Financiamento.....	18
Artigo 32.- Plan de actuación	18
Artigo 33.- Contas anuais	18
Artigo 34.- Exercicio económico.....	19

TÍTULO VI. DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN..... 19

Artigo 35.- Modificación de estatutos..... 19

Artigo 36.- Fusión e/ou escisión..... 19

Artigo 37.- Extinción da Fundación..... 19

Artigo 38.- Liquidación e adxudicación..... 20

Artigo 39.- Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro..... 20

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza.

1. Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "Fundación Clínica Dental Solidaria de Lugo" (en adiante, a Fundación) constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, creada polo Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

2. A Fundación é de nacionalidade española.

Artigo 2. Domicilio e ámbito de aplicación.

1. O domicilio da Fundación radicarán no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, na rúa Ramón y Cajal, nº2-4º de Lugo.

2. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

3. A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

Artigo 3.- Personalidade e capacidade.

A Fundación terá personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 4.- Duración.

A Fundación está constituída con unha duración indefinida. Porén, se nalgún momento os fines propios da Fundación poideran estimarse cumpridos ou foran de imposible cumprimento, o Padroado poderá acordar a extinción, conforme co previsto na lexislación vixente e nestes estatutos.

Artigo 5.- Réxime normativo.

A Fundación ríxese pola vontade do fundador manifestada na escritura fundacional, polos presentes estatutos, polas disposicións que, en interpretación e desenvolvemento dos mesmos, establezca o Padroado e,

en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 14/2009 do 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Ley 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

TÍTULO II. OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins.

La Fundación persigue os seguintes fins:

- Conseguir o dereito universal á saúde oral mediante a promoción e desenvolvemento de programas preventivos, formativos e/ou asistenciais na área da saúde oral.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7.- Actividades fundacionais

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

A. Fomentar mediante cursos, becas de formación e premios, o estudo, por investigadores nacionais e extranxeiros, dos seguintes temas:

- Técnicas de prevención da caries e a enfermidade periodontal.
- Fomento e promoción da saúde oral, especialmente en comunidades marxinadas.

- Técnicas de educación para a saúde. Formación de “líderes” en saúde oral.
- Estudio dos hábitos para funcionais, nutricionais, hixiénicos e de saúde oral das poboacións deprimidas.
- Concreción de programas polos que poidan incrementarse a instrucción, a educación e formación, en materia de saúde oral, dos habitantes da comunidade diana.
- Calquera outros temas que suxiran os enunciados antes e os fins desta Fundación.

B. Implementación de programas preventivos, formativos, e/ou asistenciais na área da saúde oral en comunidades desfavorecidas ou marxinadas, dentro e fora de España.

C. Reunir sen discriminación nin exclusións, a todos os médicos estomatólogos, odontólogos, estudantes, hixienistas, auxiliares de clínica, protésicos, educadores, membros da industria e sociedades do sector dental, entidades profesionais e administrativas así como calquera outro cidadán ou entidade que voluntariamente aporten a súa colaboración aos fins da asociación.

D. Concienciar ó conxunto da profesión odontolóxica, ás autoridades e á sociedade en xeral, das necesidades das poboacións, comunidades ou grupos sociais marxinados na área da saúde oral, así como desenvolver unha resposta solidaria con eles.

E. Movilizar, mediante cooperación nacionais e extranxeiras, tódolos recursos humanos e materiais posibles, que permitan o desenvolvemento dos fins da Fundación, sin que supoña unha merma da súa independencia.

- F.** Difundir por todos os medios o seu alcance os fins da Fundación, a nivel nacional e internacional, contactando con todo tipo de persoas, entidades e organismos que poidan colaborar para que os seus fins poidan levarse a cabo.

- G.** Establecer colaboracións e programas conxuntos con organizacións non gubernamentais, administracións públicas, fundacións ou outras entidades privadas que faciliten a realización dos seus fins.

- H.** Realizar convenios con universidades, outras institucións educativas, colexios e asociacións profesionais, sociedades científicas, etc., para a formación dos equipos humanos e a promoción dos programas de cooperación e de axuda ó desenvolvemento.

- I.** E, de modo xenérico, levar a cabo cantas actuacións sexan conducentes ó mellor logro dos seus fins.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 8.- Liberdade de actuación

O Padronado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO III. REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9.- Destino das rendas e ingresos.

1. A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais. Deberá ser destinado, polo menos, á realización dos fins fundacionais o 70 por 100 dos resultados das explotacións económicas

que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención de tales resultados ou ingresos, nos términos previstos pola lexislación vixente, debendo destinar o resto a aumentar a dotación fundacional ou as reservas, según acorde o Padronado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

2. O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.

3. Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10.- Publicidade das actividades.

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 11.- Beneficiarios.

Os fins da Fundación están dirixidos, con carácter xenérico, ás seguintes colectividades de persoas:

1. Se consideran beneficiarios da Fundación todas aquelas poboacións, comunidades ou grupos sociais desfavorecidos, tanto a nivel nacional como internacional e moi especialmente os pertencentes ós chamados Tercer e Cuarto mundo, que por razóns económicas ou de calquera outro tipo de marxinación carezan dos medios materiais e/ou humanos para poder acceder a programas de formación, prevención e/ou asistencia, na área da saúde oral. En igualdade de condicións de marxinación, a Fundación atenderá prioritariamente ós beneficiarios máis afectados pola exclusión social, aqueles ós que resulte máis viable o proxecto, e á orde das peticións.

2. A determinación dos beneficiarios efectuarase polo Padronado con criterios de imparcialidade e non discriminación, e darase información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan conocidos polos seus eventuales beneficiarios e demais interesados.

3. Ninguén poderá alegar, nin individual nin colectivamente ante a Fundación ou o seu Padronado dereito algún ó goce dos seus beneficios, antes de que fosen concedidos, nin impor a súa atribución a persoas determinadas.

TÍTULO IV. ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN

SECCIÓN PRIMEIRA. ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12.- O Padronado.

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

Artigo 13.- Carácter Gratuíto do cargo de patrón.

1. Os patróns desempeñarán gratuitamente os seus cargos, sin devengar polo seu exercicio retribución algunha. Non obstante, terán dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas que lles cause o cumprimento de calquera misión concreta que se lles confíe a nome ou en interese da Fundación.

2. Os patróns poden contratar coa Fundación, xa sexa en nome propio ou dun terceiro, logo de autorización do Protectorado.

3. O Padroado poderá fixar unha retribución axeitada a aqueles patróns que presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lle corresponden como membros do Padroado, logo de autorización do Protectorado.

Artigo 14.- Composición

1. O Padroado estará constituído por un mínimo de tres patróns. Dentro destes límites corresponderá en cada momento ao propio Padroado a determinación do número concreto de membros.

2. Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos, nin se atopen incursas en ningunha causa de incompatibilidade.

3. As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa ou persoas físicas que as representen e a orde de substitución dos representantes en caso de que fosen varios.

4. O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá exercerse persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado, debendo ser esta representación para actos concretos e axustándose ás instrucións que, se é o caso, o representado formule por escrito.

5. Poderá actuar en nome de quen fose chamado a exercer a función de patrón por razón do cargo que ocupar, a persoa a quen corresponda a súa substitución.

Artigo 15.-Regras para a designación e substitución dos seus membros.

1. O Padroado estará integrado polos membros da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo.

O cargo de patrón terá una duración de 4 anos, sen perxuízo de sucesivas renovacións, que poderán ser ilimitadas.

Os patróns continuarán no exercicio do seu cargo ata a seguinte reunión de Padroado na que se decida a súa renovación ou substitución.

2. A renovación ou designación de novos membros farase polo Padroado que figure inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, conforme ao procedemento establecido nestes estatutos para a adopción de acordos, en cuxa decisión non participará o patrón afectado.

Artigo 16.- Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro.

1. A aceptación do cargo dos patróns deberá realizarse en documento público, en documento privado con firma lexitimada por notario, ou por comparecencia ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Igualmente, poderase aceptar o cargo ante o Padroado, acreditándose a través de certificación expedida polo Secretario, con firma lexitimada notarialmente.

A aceptación do cargo polos patróns persoas xurídicas deberá efectuarse polo órgano que teña atribuída a devandita facultade, que designará a persoa física que o vaia representar no Padroado, de acordo co previsto nestes estatutos. O nomeamento do representante deberá comunicarse ao Padroado e ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. En todo caso, o nomeamento e aceptación, renovación, substitución e cesamento por calquera causa dos membros do Padroado ou dos cargos deste, comunicarse ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Na aceptación formal dos patróns designados por razón do cargo que ocuparen informarse ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego sobre a identidade do cargo a quen corresponda a súa substitución.

Artigo 17.- Organización do Padroado.

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente, de ser o caso.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.

Artigo 18.- O Presidente.

1. As funcións de Presidente realizaraas o Presidente da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo, o mandato terá a mesma duración que na Xunta Directiva do Ilustre Colexio de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo (4 anos), sen prexuízo de sucesivas renovacións.

2. Corresponderá ao Presidente do Padroado:

a. Acordar a convocatoria das reunións do Padroado e a fixación da orde do día.

b. Presidir as reunións e dirixir e moderar o desenvolvemento dos debates, someter a votación os acordos e proclamar o resultado das votacións.

c. Velar pola correcta execución dos acordos adoptados polo Padroado.

d. Velar polo cumprimento da lei e dos estatutos.

e. Visar as actas e certificacións dos acordos do Padroado.

f. Exercer a representación da fundación en xuízo e fóra del, sempre que o Padroado non a tivese outorgado expresamente a outro dos seus membros.

g. A formulación das contas anuais para a súa aprobación polo Padroado.

h. Calquera outra facultade que legal ou estatutariamente lle estea atribuída.

Artigo 19.- O Vicepresidente.

O Padroado nomeará de entre os patróns a un ou máis Vicepresidentes que substituirán ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade e serán, ao igual que sucede co Presidente, os que exerzan análogo cargo na Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo. O seu mandato terá a mesma duración que o cargo de Presidente (4 anos), sen prexuízo de sucesivas designacións. Nas mesmas condicións e con diferentes funcións, o Padroado poderá crear outros cargos.

Artigo 20.- O Secretario.

O Padroado designará un Secretario, que será aquel que exerza idéntico cargo na Xunta Directiva Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo.

Corresponderá ao Secretario do Padroado:

- a. Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde do seu Presidente e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- b. Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se a secretaría corresponde a un patrón, ou só con voz no caso contrario.
- c. Conservar a documentación da fundación e reflectir debidamente no libro de actas do Padroado o desenvolvemento das súas reunións.
- d. Expedir certificacións co visto e praxe do Presidente, respecto dos acordos adoptados polo Padroado.
- e. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario ou prevéxanse expresamente nos estatutos da fundación.

O Vicesecretario asistirá ao Secretario e substituirá no desempeño das súas funcións en caso de ausencia, imposibilidade ou indisposición. Salvo decisión contraria do Padroado, o vicesecretario poderá asistir ás sesións do Padroado e do Comité Executivo para auxiliar ó secretario nos seus labores e na redacción da acta da sesión.

Artigo 21.- Facultades do Padroado.

A competencia do Padroado esténdese a todo o que concirne ao goberno e administración da Fundación, sen excepción ningunha. Con carácter puramente enunciativo e non limitativo, son atribucións e facultades do Padroado, sen prexuízo das autorizacións que competa outorgar ao Protectorado e comunicacións a este que, se é o caso, legalmente procedan, as seguintes:

1. Exercer a alta dirección inspección, vixilancia e orientación do labor da Fundación.

2. Interpretar, desenvolver, se é o caso, coa oportuna normativa complementaria e adoptar acordos sobre a modificación dos estatutos fundacionais, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e á mellor consecución dos seus fins.
3. Fixar as liñas xerais ou especiais de funcionamento da entidade.
4. Nomear apoderados xerais ou especiais.
5. Nomear e apoderar o Director da Fundación.
6. Aprobar os beneficiarios das prestacións fundacionais.
7. Aprobar o plan de actuación, a memoria correspondente, así como o balance de situación e a conta de resultados que haxan de ser presentados ao Protectorado.
8. Cambiar o domicilio da Fundación, mediante a reforma estatutaria e con posterior comunicación ao Protectorado e acordar a apertura e peche das súas delegacións.
9. Adoptar acordos sobre a fusión ou extinción da Fundación; esta última en caso de imposibilidade de cumprimento dos seus obxectivos.
10. Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, a salvo das legalmente indelegables. Así mesmo poderá crear no seu seo cantas comisións considere oportunas, outorgándolles as funcións que considere convenientes, cos límites expresados. Tampouco serán delegables as facultades expresadas nos apartados 1, 2, 3, 5 e 20 deste artigo.
11. Acordar a adquisición, alienación e gravame -incluídas hipotecas, pezas ou anticrese- de bens mobles ou inmobles para ou pola Fundación, subscribindo os correspondentes contratos.
12. Aceptar as adquisicións de bens ou de dereitos para a Fundación ou para o cumprimento dun fin determinado dos comprendidos no obxecto da Fundación, sempre que libremente estime que a natureza e contía dos bens ou dereitos adquiridos é adecuada ou suficiente para o cumprimento do fin ao que se han de destinar os mesmos bens ou dereitos, as súas rendas ou froitos.

13. Concertar operacións financeiras de todo tipo con entidades públicas e privadas, mesmo préstamos e créditos.

14. Decidir sobre a adquisición e alienación dos valores mobiliarios que compoñan a carteira da Fundación.

15. Cobrar e percibir as rendas, froitos, dividendos, intereses, utilidades e calquera outros produtos e beneficios dos bens que integran o patrimonio da Fundación, así como cantas cantidades lle sexan debidas a esta por calquera título ou persoa, física ou xurídica.

16. Exercitar os dereitos de carácter político e económico que correspondan á Fundación como titular de accións e demais valores mobiliarios da súa pertenza e en tal sentido concorrer, deliberar e votar, como a ben teña, mediante a representación que acorde, nas Xuntas Xenerais, Asembleas, Asociacións e demais organismos das respectivas Compañías ou entidades emisoras, facendo uso de todas as facultades xurídicas atribuídas ao referido titular, concertando, outorgando e subscribindo os actos, contratos, convenios, proposicións e documentos que xulgue convenientes.

17. Efectuar todos os pagamentos necesarios, mesmo os de dividendos pasivos e os dos gastos precisos para recadar, administrar e protexer os fondos con que conte en cada momento a Fundación.

18. Acordar a realización das obras que estime conveniente para os fins propios da Fundación e contratar os servizos e as subministracións de todas clases, calquera que fose a súa calidade e importancia, podendo con absoluta liberdade utilizar calquera procedemento para iso, tanto o de adquisición directa coma o de poxa ou o de concurso, sen necesidade de autorización ningunha.

19. Exercitar todos os dereitos, accións e excepcións, seguindo por todos os seus trámites, instancias, incidencias e recursos cantos procedementos, expedientes, reclamacións e xuízos competan ou interesen á Fundación e outorgando ao efecto os poderes que considere necesarios, incluída a absolución de posicións e o xuízo de revisión.

20. Acordar a aprobación de cantos códigos de bo goberno e regulamentos de réxime interior estime oportuno, incluído o código de conduta para a realización de investimentos financeiros temporais.

21. Exercer, en xeral, todas as funcións de disposición, administración, conservación, custodia e defensa dos bens da Fundación, xudicial ou extraxudicialmente.

22. En xeral, cantas outras funcións deba desenvolver para a administración ou goberno da Fundación, con sometemento en todo caso ás prescricións legais.

A execución dos seus acordos corresponderá ao Presidente, sen prexuízo de que nos devanditos acordos poida designarse expresamente outro ou outros patróns.

4. El Patronato así mismo se designarán patronos a los demás miembros de la Junta Directiva Ilustre Colegio de Odontólogos y Estomatólogos de Lugo.

Artigo 22.- Obrigas e dereitos dos membros do Padroado.

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Son obrigas dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 23.- Responsabilidades dos patróns.

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 24.- Cesamento e suspensión dos membros do Padroado.

O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráse ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 25.- Reunións do Padroado.

1. O Padroado reunirse como mínimo dúas veces ao ano e, ademais, cantas veces o convoque o Presidente ou cando o solicite, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

2. As convocatorias, expresando a orde do día, así como o lugar, a data e hora da reunión, cursaranse por escrito polo Secretario e ordinariamente cunha antelación polo menos de quince días naturais. En caso de urxencia poderá reducirse o devandito prazo.

A convocatoria remitirase de forma individual a todos os patróns mediante calquera procedemento, incluídos os medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.

Non será necesaria convocatoria cando estando presentes todos os patróns decidan por unanimidade constituírse en Padroado e acorden unha orde do día.

3. O Padroado poderá celebrarse mediante multiconferencia telefónica, videoconferencia ou calquera outro sistema análogo, de forma que un ou varios dos patróns asistan á devandita reunión mediante o indicado sistema, sempre e cando se asegure a comunicación entre eles en tempo real e, polo tanto, a unidade de acto.

Artigo 26.- Reunións do Padroado.

1. O Padroado quedará validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, máis da metade dos seus membros e sempre que se encontren presentes polo menos tres deles, entre os que deberá estar o Presidente ou Vicepresidente que faga as súas veces. Así mesmo deberá estar presente o Secretario ou Vicesecretario que, en caso de non ostentar a condición de patrón, non se terán en conta para os efectos do cómputo anterior. En caso de ausencia ou imposibilidade, o Secretario e Vicesecretario poderán ser substituídos polo patrón que, entre os asistentes á correspondente sesión, designe o propio Padroado.

2. Salvo nos casos en que legal ou estatutariamente sexa de aplicación outro quórum, os acordos se adoptarán por maioría simple de votos dos

patróns presentes ou representados, entendéndose como aquela na que os votos positivos superen aos negativos. En caso de empate, o Presidente ou Vicepresidente que faga as súas veces terá voto de calidade.

3. Das reunións levantarase acta polo Secretario co visto e prace do Presidente. As actas aprobaranse na mesma ou seguinte reunión do Padroado ou por dous interventores nomeados polo Padroado entre os asistentes.

SECCIÓN SEGUNDA. ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

Artigo 27.- Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

Artigo 28.- Xerente

O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións e coincidirá co cargo de xerente do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo.

TÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29.- Patrimonio fundacional.

O patrimonio da Fundación pode estar constituído por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica radicados en calquera lugar, e especialmente polos seguintes:

- a) Bens inmobres, que se inscribirán, no seu caso, no Rexistro da Propiedade a nome da Fundación.
- b) Valores mobiliarios, que se depositarán a nome da Fundación en establecementos bancarios ou de aforro.
- c) Bens mobres, títulos de propiedade, resgardos de depósito ou calesqueira outros documentos acreditativos do dominio, posesión, uso, disfrute ou calquera outro dereito de que sea titular a Fundación.
- d) Bibliotecas, arquivos, e outros activos de calquera clase, que figurarán no seu inventario.

Artigo 30.- Adscrición do patrimonio fundacional.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

Artigo 31.- Financiamento.

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexa contrario á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 32.- Plan de actuación.

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 33.- Contas anuais.

1. A Fundación deberá levar unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que permita o seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais.

2. As contas anuais, que comprenderán o balance de situación, a conta de resultados e a memoria, formarán unha unidade, debendo ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

A memoria, ademais de completar, ampliar e comentar a información contida no balance e na conta de resultados, incluírá as actividades fundacionais, os cambios nos seus órganos de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia e o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que, se é o caso, se levasen a cabo con outras entidades para estes fins, e o grao de cumprimento das regras establecidas no artigo 27 da Lei

50/2002. Igualmente incorporárase á memoria un inventario dos elementos patrimoniais.

3. As contas anuais aprobaranse polo Padroado da Fundación no prazo máximo de seis meses dende o peche do exercicio, e presentaranse ao Protectorado, para o seu exame e comprobación dentro dos vinte días hábiles seguintes á súa aprobación.

Se a Fundación cumprise os requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse a auditoría externa, remitíndose ao Protectorado o informe desta xunto coas contas anuais.

Ademais, o Padroado poderá someter as contas anuais a auditoría externa cando o considere oportuno.

4. Igualmente, o Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos e as actividades que prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte.

Artigo 34.- Exercicio económico.

O eXercicio económico da Fundación iniciarase o 1 de xaneiro e rematará o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO VI. DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN.

Artigo 35.- Modificación dos Estatutos.

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederáse á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Artigo 36.- Fusión e/ou escisión.

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 37.- Extinción da Fundación.

O Padroado poderá acordar a extinción da Fundación cando considere cumprido o fin fundacional ou sexa imposible a súa realización. En todo caso, a Fundación extinguirase por calquera outras causas establecidas nas leis. O acordo do Padroado esixirá o voto favorable de polo menos tres cuartas partes dos membros do Padroado e haberá de ser ratificado polo Protectorado.

Artigo 38.- Liquidación e adxudicación.

1. A extinción da Fundación, salvo no caso de que esta se produza por fusión con outra, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que se realizará polo padroado constituído en comisión liquidadora e baixo o control do Protectorado.

2. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse na súa totalidade a outras fundacións ou entidades non lucrativas privadas que persigan fins de interese xeral e que, á súa vez, teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto de disolución, á consecución daqueles e que teñan a consideración de entidades beneficiarias do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal de Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

3. O destinatario ou destinatarios dos bens e dereitos sucesorios será elixido libremente polo Padroado.

4. A extinción da Fundación e os cambios de titularidade dos bens

Artigo 39.- Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro.

Sempre que resulte conveniente en interese da Fundación, o Padroado poderá acordar a adopción de acordos, modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación co voto favorable de, polo menos, tres cuartas partes dos membros do Padroado, e seguindo o procedemento legalmente previsto.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.